

O "intransigente" Manuel Lueiro Rey

Xesús Alonso Montero
Presidente da Real Academia Galega
Agosto, 2015.

Sempre que podo, ó referirme a Lueiro Rey, poño o acen-to no Lueiro autor de brillantes e eficaces crónicas políticas. Lueiro Rey, en opinión de moitos, que comparto, foi un moi importante narrador e un interesante poeta de musa inconformista, inconformismo presente, tamén, noutros textos seus, sen excluírmos Manso (1967), aquela magnífica novela sobre a Guerra Pluscuamcivil Española. Agora cómpre reivindicar o Lueiro autor de artigos nos xornais. Un autor que xa colaboraba en El País, de Pontevedra, en 1935, ós dezanove anos. Dirixía este xornal, por certo, Roberto Blanco Torres, nobre, culta e brillante pluma que acollía no seu periódico, con entusiasmo, voces como a de Manuel Lueiro Rey. Referencias a este xuvenil capítulo literario de Lueiro hai no esclarecedor estudo introdutorio de Ramón Nicolás

Dentro do Lueiro articulista existen centos de colaboracións nos periódicos galegos durante o franquismo, colaboracións que, lidas hoxe, interesan extraordinariamente polos seus valores estritamente literarios, pola súa formulación literaria nun castelán rico, espléndido, ben trobado sempre, como aprendido ou perfeccionado, por exemplo, en El Sol de Madrid, no período republicano, aquel mítico Sol no que colaboraban Ortega, Unamuno, Azaña, Araquistain...

Morto Franco, o escritor Lueiro, que sempre foi un cidadán militante, os seus artigos, sen perder o peso literario da palabra, empuñan a fouce da denuncia, acotío contundente. Aí están as Crónicas de una transición intransigente, que publicou con fervor en Ediciós do Castro, o seu amigo, o noso amigo, Isaac Díaz Pardo. Eran artigos do Faro de Vigo e do Diario de Pontevedra dos anos 1977 e 1978, recién estreado o posfranquismo, que Lueiro non me perdoaría que chamase democracia. De feito son crónicas "intransixentes" contra aquela "transición".

Agora, Ramón Nicolás titula esta colectánea Novas crónicas dunha transición intransigente (1977-1988), e fai ben porque vinculan o novo volume ó de 1985. O autor deste é radicalmente intransigente co tempo político contado. Son artigos – tamén o explica Nicolás– que Lueiro foi gardando, organizados, nunha carpeta sen dúbida para, no seu día, compoñer un volume.

Esta nova colectánea son artigos en lingua galega, moitos deles publicados n' A Nosa Terra, uns cantos na revista política Espiral e os primeiros inéditos, quizais por non seren admitidos en certos xornais. Tamén deste aspecto fala Ramón Nicolás, pre-ciso anotador dalgúns artigos.

Non ten Lueiro, en galego, neste xénero periodístico, o dominio literario demostrado en castelán desde 1935. Sabido é que Lueiro Rey comprométese, como escritor, co galego, un pouco seriodamente. Estas crónicas teñen a forza de quen bebe, sen especiais filoloxías, na fonte oral do idioma. Sen esforzarse en normar o galego escrito con pautas librescas, Lueiro, gran contador de historias nas tabernas do Grove, con mariñeiros da "cáscara amarga", constrúe a partir deste galego as presentes crónicas. Hai no seu galego formas sorprendentes, algunhas procedentes de certo tipo de galego escrito ("outura") e outras de palabras condicionadas polo castelán ("concxal", "coarenta"), pero sempre Lueiro é un cronista que nos transmite nese galego, o máis seu, unha sensación moi forte de autenticidade. El, como cidadán e como escritor, sempre tivo esa impronta. Téñase en conta, tamén, que en moitas destas crónicas Lueiro é un denunciador, con frecuencia implacable,

e con frecuencia a súa musa é satírica, xusto cando o seu galego (non quimicamente puro) soa máis forte, máis expresivo e, mesmo, máis literario. Péñese nos artigos sobre a OTAN, Fernández Albor, Fraga Iribarne, Hernández Mancha, Solé Tura... Hai outros, encomiásticos, a Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo, Rafael Alberti, Vicente Aleixandre, Castelao, Alexandre Bóveda, o Chile de Salvador Allende... que, aquí e alí, respiran xenreira contra a transición que tan lonxe estaba de Alberti, de Seoane, de Allende...

Artigos hai nos que o autor fai gala dos seus mellores recursos literarios postos ó servizo da dura controversia coa lacerante transición. Un é maxistral: "¡Érguete, Galicia!". É a "Salve" cívica inventada en 1985 polo escritor Lueiro Rey para describir as menesterosidades daquel tempo. Finaliza: "Deus te salve, Galicia, de Deus mesmo, porque nunca fixo un milagre. Amén".

Neste e en moitos outros artigos está o radicalismo esquerdista de Lueiro Rey, cada vez máis acentuado, máis exasperado. Rexeitaba aquela "democracia" tan limitante, tan pouco vencellada, nos seus dirixentes, ás inquiredanzas e necesidades do pobo (daquela aínda se dicía así). Non omite expresións gasalleiras para os seus camaradas comunistas (un comunismo xenérico, xa non o de Santiago Carrillo) e palabras xenerosas para os represaliados galeguistas, desde Castelao e Alexandre Bóveda. A Bóveda escíbelle en 1977 unha "Segunda carta" na que lle comunica: "coarenta anos agardando pra poder falar de ti ... [...] Galicia, a nosa Terra e túa, está aínda nas mans dos enemigos, nas mans dos homes alleos, pois ti xa sabes que alleos son, anque nados eiquí, tódolos que aldraxan i aldraxaron durante coarenta anos o mesmo barro de donde eles naceron". Lueiro, neste texto e en tódolos demais, está contra os explotadores, contra os asoballadores, xente allea –diría el– aínda nada no país.

A min écheme de ledicia a recuperación destas páxinas, precisamente destas, onde a musa inconformista de Lueiro Rey se ispe como nunca. A miña inmensa gratitude, pois, para a editorial Laiovento e para Ramón Nicolás, quen, de novo, pon o seu saber e o seu compromiso ó servizo do polifacético escritor Manuel Lueiro Rey, nesta ocasión ó servizo dunha faceta que moitos agradecerán. Estas Crónicas tamén falan de hoxe, de hoxe mesmo.